



Na terra silenciosa

Martin Laird, Ed. PPC. Madrid, 2017

«Deus non sabe como estar ausente», palabras palpitantes, que como os latexos do corazón, atravesan todo o libro de Martin Laird, «Na terra silenciosa», sobre a práctica contemplativa cristiá. Pois, se non pode estar ausente, por que o sinto tan afastado de min? Por toda a conversa mental que nos acompaña día e noite e que nos fai percibir a súa ausencia. Así de simple e así de verificable. Ante tal evidencia, o autor –avalado pola súa experiencia meditativa e os seus coñecementos teolóxicos e patrísticos– proponnos algo máis que un método para acalar a mente e experimentar a comunión con Cristo.

Martin Laird é frade agostiño e o seu texto desprende, dende os comezos, ese «toque» espiritual profundo dunha persoa dedicada á busca da verdade, nun estilo de vida moi peculiar como é o relixioso. Lévanos ás fontes da tradición cristiá, sobre o exercicio do silencio in-

terior, por certo, tan en auxe no século. E faino empezando por Xesús, que foi ao deserto e alí respondeu ao tentador coa palabra-silencio, pasando polos Padres do ermo como Evagrio Póntico ou Hesyquio de Batos, para citar tamén repetidas veces ao Mestre Eckhart, ao anónimo A Nube de *non* saber, ou a santa Teresa e Santo Agostiño –*of course*, como o propio carisma do autor faría esperar–.

O grande acerto desta obra é que nos axuda a coñecer mellor a rica tradición da Igrexa no ámbito da oración silenciosa, que hoxe parecería exclusiva competencia das relixións orientais. Pero dentro do cristianismo, existe a praxe da *hesychía* ou *hesicasmo*, que se desenvolveu a partir do século V no deserto do Sinaí, e despois pasou ao Monte Athos (Grecia), chegando ata os nosos días. A devandita práctica, baséase na respiración como camiño orante para contactar coa presenza de Deus dentro de cada un de nós.

Esta presenza de Deus no noso interior é un enxergue moi real do que Xesús chamou Padre e agora nós, repetindo o nome de Xesús, podemos igualmente acceder a El. Ou mellor, que El se manifeste e nos deixemos alcanzar pola Luz de Cristo. Experimentaremos así a poderosa sabedoría da respiración, pero non só iso, senón que como moi ben di o autor, a meditación lévanos a onde as terapias non alcanzan, á profundidade sen profundidade de nós mesmos.

O percorrido non é doado e co primeiro que nos topamos, á hora de querer internarnos en nós mesmos, é cos nosos comentarios interiores, con todo o ruído que nos habita. E, paradoxalmente, esas son precisamente as portas de acceso ao Silencio. Ti es silencio, e entón todo o demais que te rodea e que fai que te vivas afastado de Deus, en vez de ser un obstáculo convértese nunha axuda. Os sentimentos e pensamentos que nos ensinaron a cualificar como feos, negativos ou non apropiados, son precisamente os que nos van abrir as portas, non do paraíso —onde foi vencedor o demo—, senón do corazón do deserto —onde o demo foi vencido—.

Queres aprender como? As páxinas deste libro indicaranche dun xeito moi áxil e fluído como despreñar as habilidades de receptividade para a contemplación; a atopar unha «ánchura» que fixe a túa dispersión interior; a perforar o momento presente ata o silencio; a vivir a oración como a experiencia de ser «unha soa carne»; a percibir a preciosidade inmensa de Deus ou o «océano de ser sen ribeiras», en palabra do Padre Capadocio, Gregorio Nacianzeno.

Lonxe de tratarse dunha proposta intimista, a práctica da oración silenciosa ábrenos aos demais e ao misterio da morte, e fainos cada vez máis libres. *Na terra silenciosa*, o título tan suxestivo deste libro, lévanos a outro Padre da Igrexa, Máximo o Confesor (s. VI), para quen, na súa *Breve interpretación sobre la oración del Padrenuestro*, o vocábulo «terra», significa a forza da estabilidade interior, inamoviblemente enraizada na beleza e na rectitude.

Agradezo a Beatriz Canals, amiga e peregrina do silencio, a súa exquisita e profunda tradución, voces xeradas na terra vermella do deserto.

A nosa terra é verde e azul; a do deserto, vermella; e negra –segundo os antigos–, a das nosas sombras. De que cor é a terra silenciosa do teu corazón? Se a lectura deste libro te animou a entrar na aventura da meditación silenciosa ou a seguir practicándoa con renovada

ilusión, podes continuar aprofundando a través doutra obra do mesmo autor e editorial: *Una ausencia iluminada*.

Irmá Paula Téllez
(Mosteiro Cisterciense de Santa María de Armenteira)